


# obradoiro de artesanía

Publicación semestral de Artesanía de Galicia / Publicación semestral de Artesanía de Galicia. nº9 decembro / diciembre 2011



XUNTA DE GALICIA

ARTESANÍA  
DE GALICIA





Javier Guerra Fernández  
*Conselleiro de Economía e Industria*

Achegámonos ao remate do ano coa sensación de contar cun sector vivo e dinámico, que se está a abrir camiño a pesar da difícil situación económica xeneralizada, cargado de novos proxectos e con excelentes perspectivas para o futuro. Estes últimos anos están coincidindo tamén cun momento de desenvolvemento da artesanía dende diferentes puntos de vista, estamos a ver medrar o noso sector e achegarse a novos mercados, da man das feiras tanto profesionais como de venda directa ás que acoden os nosos artesáns co apoio da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. A nosa marca de referencia, Artesanía de Galicia, estase a dar a coñecer máis alá das nosas fronteiras e consolídase como sinal de identidade do produto artesán de calidade, ben deseñado e feito en Galicia.

Pero ademais, hoxe en día, podemos estar orgullosos de comprobar como a artesanía se está a introducir noutras áreas a través de interesantes proxectos de colaboración dos que xa temos falado noutros números desta revista, como a tornería e a arquitectura ou a aplicación da cestería na decoración de interiores, como ocorría cos espazos ON&OFF da Cidade da Cultura.

Nesta nova edición, contamos cun bloque dedicado ás relacións entre moda e artesanía, máis alá da actividade téxtil. A colección "Ancestra" da diseñadora Sara Coleman e a cesteira Idoia Cuesta, presentada na última edición de Cibeles, ou o proxecto D-due Lab, no que a firma galega colabora con artesáns de diferentes ámbitos para a creación da súa colección de primavera-verán 2012, son dous bos exemplos desta nova tendencia, que se complementan coas boas expectativas auguradas por Enrique Loewe na relación entre artesanía, moda e luxo.

Por outro lado estamos a recuperar oficios tradicionais coma o das colareiras do Grove para os que estamos convencidos de conseguir darlle un novo valor e o recoñecemento que merecen. Falamos tamén de tornería, a través dunha reportaxe sobre o encontro anual de Xermade, impulsado polo goberno galego, e dunha entrevista cun dos nosos torneiros máis destacados, Manuel Castro.

As investigacións do ceramista Fernando Porto no eido dixital abren novos camiños para a aplicación das novas tecnoloxías aos procesos de elaboración artesanal, a través de diferentes técnicas que facilitan os procesos de investigación e deseño das pezas. Quixemos tamén botar unha ollada cara a novos oficios da man de María Feijoo e a súa pintura sobre seda, buscamos novos espazos de comercialización a través da tenda "O pente douro" de Caldas de Reis –adscrito á marca Artesanía de Galicia– e dedicámoslle un espazo ao obradoiro de gaitas Seivane, modelo exemplar da aplicación da innovación ao oficio tradicional da elaboración do instrumento musical máis representativo de Galicia.

Nos acercamos al final del año con la sensación de contar con un sector vivo y dinámico, que se abre camino a pesar de la difícil situación económica generalizada, cargado de nuevos proyectos y con excelentes perspectivas para el futuro. Estos últimos años están coincidiendo también con un momento de desarrollo de la artesanía desde diferentes puntos de vista, estamos viendo crecer nuestro sector y acercarse a nuevos mercados, de la mano de las ferias tanto profesionales como de venta directa a las que acuden nuestros artesanos con el apoyo de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Nuestra marca de referencia, Artesanía de Galicia, se está dando a conocer más allá de nuestras fronteras y se consolida como señal de identidad del producto artesano de calidad, bien diseñado y hecho en Galicia.

Pero además, hoy en día, podemos estar orgullosos de comprobar como la artesanía se está introduciendo en otras áreas a través de interesantes proyectos de colaboración de los que ya hemos hablado en otros números de esta revista, como la tornería y la arquitectura o la aplicación de la cestería en la decoración de interiores, como ocurría con los espacios ON&OFF de la Ciudad de la Cultura.

En esta nueva edición, contamos con un bloque dedicado a las relaciones entre moda y artesanía, más allá de la actividad textil. La colección "Ancestra" de la diseñadora Sara Coleman y la cestería Idoia Cuesta, presentada en la última edición de Cibeles, o el proyecto D-due Lab, en el que la firma gallega colabora con artesanos de diferentes ámbitos para la creación de su colección de primavera-verano 2012, son dos buenos ejemplos de esta nueva tendencia, que se complementan con las buenas expectativas auguradas por Enrique Loewe en la relación entre artesanía, moda y lujo.

Por otro lado estamos recuperando oficios tradicionales como el de las "colareiras" de O Grove para los que estamos convencidos de conseguir dar un nuevo valor y el reconocimiento que merecen. Hablamos también de tornería, a través de un reportaje sobre el encuentro anual de Xermade, impulsado por el goberno galego, y de una entrevista con uno de nuestros torneiros máis destacados, Manuel Castro.

Las investigaciones del ceramista Fernando Porto en el ámbito digital abren nuevos caminos para la aplicación de las nuevas tecnologías a los procesos de elaboración artesanal, a través de diferentes técnicas que facilitan los procesos de investigación y diseño de las piezas. Hemos querido también echar un vistazo hacia los nuevos oficios, buscamos nuevos espacios de comercialización a través de la tienda "O pente douro" de Caldas de Reis –adscrito a la marca Artesanía de Galicia– y dedicamos un espacio al taller de gaitas Seivane, modelo exemplar de la aplicación de la innovación al oficio tradicional de la elaboración del instrumento musical máis representativo de Galicia.



## sumario

- 2 Saúda / Saluda: Javier Guerra Fernández, Conselleiro de Economía e Industria
- 4 Lenzos de seda / Lenzos de seda
- 10 Afondar na tornería / Profundizar en la tornería
- 18 Artesanía e moda / Artesanía y moda
- 20 D-due Lab, evolucionando a artesanía / D-due Lab, evolucionando la artesanía
- 28 A cestería conquista Cibeles / La cestería conquista Cibeles
- 30 Cando a gaita se chama Seivane / Cuando la gaita se llama Seivane
- 40 O outro tesouro de Caldas / El otro tesoro de Caldas
- 46 Fernando Porto, potencia creativa / Fernando Porto, potencia creativa
- 52 Abrindo mercados / Abriendo mercados

### Edición

Xunta de Galicia  
Consellería de Economía e Industria  
Dirección Xeral de Comercio

### Coordinación

María Guerreiro  
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño  
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela  
Tel.: 881 999 523 Fax 881 999 170  
e-mail: prensa.artesania@xunta.es  
www.artesaniadegalicia.org

### Maquetación, realización

DARDO  
dardo@dardo-ds.com

### Redacción

María Guerreiro, Eliana Martins, DARDO

### Fotografía

Ovidio Aldegunde, Eduardo Armada, Miguel Calvo,  
Cenlitrosmetrocastrado, Fundesarte, Laura Gómez, Cristina Moralejo,  
Miguel Muñiz, Fernando Vérez e contribucións dos artesáns

D.L.: C-4788-2008

obradoiro de artesanía



**XUNTA DE GALICIA**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA  DE GALICIA



# LENZOS DE SEDA

## LIENZOS DE SEDA

Se hai un tecido capaz de evocar unha elegancia sutil e delicada, ese é a seda. Non en van, China gardou como un dos máis prezados segredos a súa produción desde que o descubriu no 2700 a. C., para vestir en exclusiva a familia imperial e os máis altos dignitarios durante moitos anos. Hoxe, María Feijoo aproveita a este fermoso tecido como lenzo para as súas creacións, e ofrece uns panos e fulares con fermosas composicións, onde a cor brilla con especial luz grazas a esta tea de fermosa caída e suave lustro. Nas súas pezas deposita emocións e imaxes para dar como resultado obras únicas, cargadas de sensibilidade que nos presenta baixo a marca Verdes Manzananas: froita fresca feita á man.

Si hay un tejido capaz de evocar una elegancia sutil y delicada, ese es la seda. No en vano, China guardó como uno de los más preciados secretos su producción desde que lo descubrió en el año 2700 a. C., para vestir en exclusiva a la familia imperial y a los más altos dignatarios durante muchos años. Hoy, María Feijoo aprovecha este hermoso tejido como lienzo para sus creaciones, y ofrece unos pañuelos y fulares con preciosas composiciones, donde el color brilla con especial luz gracias a esta tela de maravillosa caída y suave lustro. En sus piezas deposita emociones e imágenes para dar como resultado obras únicas, cargadas de sensibilidad que nos presenta bajo la marca Verdes Manzananas: fruta fresca hecha a mano.

**“Unha das cousas que me gusta da seda, ademais da súa suavidade, é esa sensación de que voa, que flota no aire. Encántame que o pano me acompañe e que se mova, é unha sensación moi agradable”**

**“Una de las cosas que me gusta de la seda, además de su suavidad, es esa sensación de que vuela, que flota en el aire. Me encanta que el pañuelo me acompañe y se mueva, es una sensación muy agradable”**



Verdes Manzanas esconde toda unha serie de panos de seda, nos máis diversos formatos, que recollen as composicións en cor de María Feijoo, unha compostelá que hai poucos anos que comercializa os seus produtos, pero que desde sempre estivo creando coas súas mans. Unha necesidade que agora reflicte nas súas pezas, nas que cada pano de seda é un lenzo, un cadro, e onde deixa fluír os seus impulsos e as súas emocións a través do pincel. Por iso non hai dous panos iguais, porque á hora de afrontar co seu traballo María necesita sentir esa liberdade e esa forza creativa.

“O que me gusta é non ter nada sobre o pano, e despois improvisar; como tampouco fago un debuxo moi definido, é moi libre”, explica a artesá, que rexeita ter que traballar con formas previas ou bosquejos. É unha liberdade que toma tamén do propio tecido, que se compaxina á perfección coas súas pinturas. “Unha das cousas que me gusta da seda, ademais da súa suavidade, é esa sensación de que voa, que flota no aire. Encántame que o pano me acompañe e que se mova, é unha sensación moi agradable”.

Verdes Manzanas esconde toda una serie de pañuelos de seda, en los más diversos formatos, que recogen las composiciones en color de María Feijoo, una compostelana que hace pocos años que comercializa sus productos, pero que desde siempre ha estado creando con sus manos. Una necesidad que ahora refleja en sus piezas, en las que cada pañuelo de seda es un lienzo, un cuadro, y donde deja fluir sus impulsos y emociones a través del pincel. Por eso no hay dos pañuelos iguales, porque a la hora de afrontar su trabajo María necesita sentir esa libertad y esa fuerza creativa.

“Lo que me gusta es no tener nada sobre el pañuelo, y luego improvisar; como tampoco hago un dibujo muy definido, es muy libre”, explica la artesana, que rechaza trabajar con formas previas o bocetos. Es una libertad que toma también del propio tejido, que se compagina a la perfección con sus pinturas. “Una de las cosas que me gusta de la seda, además de su suavidad, es esa sensación de que vuela, que flota en el aire. Me encanta que el pañuelo me acompañe y se mueva, es una sensación muy agradable”.



**“Teño moito cariño polo que fago, por iso me gusta a venda directa, coñecer a persoa que vaia mercar un pano meu e explicarlle o que fixen, como o fixen e ver se a ela lle gusta”**

O proceso é laborioso, xa que entran en xogo moitos factores, coma o propio clima. O feito de que un día haxa moita humidade ou sexa máis seco implica que o comportamento da pintura sexa absolutamente diferente, xa que ao empregar pinturas a base de auga, o resultado varía en función da velocidade á que seque. Así, un día de moita humidade as cores flúen con facilidade, mentres que en clima seco as tinturas secan moi rápido, dando como resultado cortes bruscos e rupturas. Isto permítelle tamén manipulalo para obter diferentes composicións, polo que María provoca tamén estas condicións para darlle máis variedade ás cores dos panos de Verdes Manzanas.

“Basicamente, o que me gusta é xogar coas cores”, e por iso se decantou por esta técnica de pintado sobre o tecido, que lle dá máis liberdade. “Escollino porque é o que a min me provocaba, este tipo de pintura tan espontánea, é case como unha acuarela. Adaptei a seda á miña maneira de entender a pintura”, confesa. E a estas obras traslada todo aquilo que a vai motivando, polo que procura rodearse de imaxes e ten sempre un ollo posto na moda, malia que admite que non a condiciona. Prefire definir as súas propostas como “atemporais”, que non teñan unha data de caducidade e que a persoa poida poñelas agora igual ca dentro duns anos. “Son unha muller moi de imaxes, que deixan un pouso en min e que cando chego ao taller, aínda que non saiba o que vaia pintar, xorden”, explica mentres o pincel voa sobre o lenzo.

El proceso es laborioso, ya que entran en juego muchos factores, como el propio clima. El hecho de que un día haya mucha humedad o esté más seco implica que el comportamiento de la pintura sea absolutamente diferente, ya que al emplear pinturas con base de agua, el resultado varía en función de la velocidad a la que se seque. Así, un día de mucha humedad, los colores fluyen con facilidad, mientras que en clima seco las tintas secan muy rápido, dando como resultado cortes bruscos y rupturas. Esto le permite también manipularlo para obtener diferentes composiciones, por lo que María provoca estas condiciones para dar más variedad a los colores de los pañuelos de Verdes Manzanas.

“Básicamente, lo que me gusta es jugar con los colores”, y por eso se ha decantado por esta técnica de pintado sobre el tejido, que le deja más libertad. “Lo escogí porque es lo que a mí me provocaba, este tipo de pintura tan espontánea, es casi como una acuarela. Adapté la seda a mi manera de entender la pintura”, confiesa. Y a estas obras traslada todo aquello que la va motivando, por lo que procura rodearse de imágenes y tiene siempre un ojo puesto en la moda, a pesar de que admite que no es algo que la condicione. Prefiere definir sus propias propuestas como “atemporales”, que no tengan una fecha de caducidad y que la persona pueda ponérselas ahora tanto como dentro de unos años. “Soy una mujer muy de imágenes, que dejan un poso en mí y que cuando llego al taller, aunque no sepa lo que vaya a pintar, surgen”, explica mientras el pincel vuela sobre el lienzo.

**“Tengo mucho cariño por lo que hago, por eso me gusta la venta directa, conocer a la persona que vaya a comprar un pañuelo mío y explicarle lo que hice, cómo lo hice y ver si a ella le gusta”**





**“A alguén que lle guste facer cousas coas mans, que non estea contando o tempo, que emocionalmente tamén lle satisfaga, eu dígolle que adiante”**

Ademais, para María é importante a calidade no traballo, polo que se preocupa de coidar todas as partes do proceso para que a peza que merca o cliente conte co mellor acabado posible e non poida haber desagradables sorpresas. Por iso, unha vez que remata de pintar sobre o pano, envólveo nuns rolos sobre papel secante e introdúceo catro horas nun aparello, un autoclave de secado automático durante catro horas, que funciona dun xeito similar a unha sauna, segundo explica a artesá. Deste xeito, co vapor ábreanse as fibras e penetra a pintura nos poros do tecido, quedando marcado como unha tatuaxe. Así, unha vez rematado, pode lavarse e pasarlle o ferro sen que supoña ningún problema, e a primeira en facelo sempre é a propia María Feijoo, para eliminar posibles restos de pintura e dar unha garantía do 100% sobre o remate da peza. Con esta técnica a pintura non se vai nunca, intégrase na peza e mantén as características da seda, sen cambiar o peso nin a caída, “non é un pegote sobre a prenda”, indica.

María Feijoo confesa estar namorada do seu traballo, e iso tamén o aplica á fase da venda do seu produto. “Teño moito cariño polo que fago, por iso me gusta a venda directa, coñecer a persoa que vaia mercar un pano meu e explicarlle o que fixen, como o fixen e ver se a ela lle gusta”, ademais de que considera que a venda en tenda é máis complicada, xa que lle resulta moi difícil competir en prezo cun produto industrial. “Se non é fácil dedicarse á artesanía é porque precisa un cliente especial, que existe e que elixe estas pezas porque lle din algo, porque o valora”.

E así é como María vai deseñando estas verdes mazás, cheas de cor, un proceso “totalmente emocional”, e que marcou a súa vida desde sempre. “A min gústame todo o que sexa artesanía, sempre busco que o meu traballo vaia apoiado en algo emotivo, algo que fas ti. A alguén que lle guste facer cousas coas mans, que non estea contando o tempo, que emocionalmente tamén lle satisfaga, eu dígolle que adiante”. Unha oportunidade que a María lle chegou da man dun tecido con tanta historia como é a seda e que madura co paso do tempo no seu obradoiro.



**“A alguien que le guste hacer cosas con las manos, que no esté contando el tiempo, que emocionalmente también le satisfaga, yo le digo que adelante”**

Además, para María es importante la calidad en el trabajo, por lo que se preocupa de cuidar todas las partes del proceso para que la pieza que compra el cliente cuente con el mejor acabado posible y no se encuentre con desagradables sorpresas. Por eso, una vez que acaba de pintar sobre el pañuelo, lo envuelve en unos rollos sobre papel secante y lo introduce cuatro horas en un aparato, un autoclave de secado automático, que funciona de modo similar a una sauna, según explica la artesana. De este modo, con el vapor se abren las fibras y penetra la pintura en los poros del tejido, quedando marcado como un tatuaje. Así, una vez acabado, puede lavarse y plancharse sin que suponga ningún problema, y la primera en hacerlo siempre es la propia María Feijoo, para eliminar posibles restos de pintura y dar una garantía del 100% sobre el acabado de la pieza. Con esta técnica, la pintura no se va nunca, se integra en la pieza y mantiene las características de la seda, sin cambiar el peso ni la caída, “no es un pegote sobre la prenda”, indica.

María Feijoo confiesa estar enamorada de su trabajo, y eso también lo aplica a la fase de venta del producto. “Tengo mucho cariño por lo que hago, por eso me gusta la venta directa, conocer a la persona que vaya a comprar un pañuelo mío y explicarle lo que hice, cómo lo hice y ver si a ella le gusta”, además de que considera que la venta en tienda es más complicada, ya que le resulta difícil competir en precio con un producto industrial. “Si no es fácil dedicarse a la artesanía es porque necesita un cliente especial, que existe y que elige estas piezas porque le dicen algo, porque lo valora”.

Y así es como María va diseñando estas verdes manzanas, llenas de color, un proceso “totalmente emocional”, y que ha marcado su vida desde siempre. “A mí me gusta todo lo que sea artesanía, siempre busco que mi trabajo vaya apoyado en algo emotivo, algo que haces tú. A alguien que le guste hacer cosas con las manos, que no esté contando el tiempo, que emocionalmente también le satisfaga, yo le digo que adelante”. Una oportunidad que a María le llegó de mano de un tejido con tanta historia como es la seda y que madura con el paso del tiempo en su taller.

---

**Verdes Manzanas**

**María Feijoo**

**Rúa José Ángel Valente 15 3º A, Santiago de Compostela**

**Tel.: +34 686 011 412**

**mfeijoo7@yahoo.es**

**www.verdesmanzanas.com**

**Carta de artesá / Carta de artesana nº 3939**

**Obradoiro artesán / Taller artesano nº 792**



## AFONDAR NA TORNERÍA

### PROFUNDIZAR EN LA TORNERÍA

Xermade é sinónimo de tornería e cada ano este pequeno concello do norte de Lugo vai gañando máis recoñecemento tanto no conxunto do Estado como a nivel internacional grazas ao Encontro de Torneiros que acolle a finais de setembro desde hai once anos. En cada edición combínase formación, exhibición e convivencia entre os propios artesáns, unha cita ineludible que medra e evoluciona e que é un referente para os amantes do torneado da madeira, ademais de contribuir a difundir un oficio que aínda ten moito que ofrecer.

Xermade es sinónimo de tornería y cada año este pequeño ayuntamiento del norte de Lugo va ganando más reconocimiento tanto en el conjunto del Estado como a nivel internacional gracias al Encuentro de Torneros que acoge a finales de septiembre desde hace once años. En cada edición se combina formación, exhibición y convivencia entre los propios artesanos, una cita ineludible que crece y evoluciona y que es un referente para los amantes del torneado de la madera, además de contribuir a la difusión de un oficio que todavía tiene mucho que ofrecer.

**“Paulatinamente estase a notar un aumento moi bo das pezas e dos traballos”**

Do 23 ao 25 de setembro a madeira foi protagonista unha vez máis en Xermade, grazas ao XI Encontro de Torneiros en Galicia, aínda que nesta ocasión contou cunha homenaxe moi particular a esta materia prima elemental no oficio. Un piñeiro centenario, de orixe difusa rodeada de certo misterio, como debe ser nestes casos, recibiu o recoñecemento por chegar a cumprir un século de vida. Os torneiros chegados de diferentes puntos da xeografía española e do estranxeiro puideron comprobar o respecto pola materia prima, un concepto de sustentabilidade que sempre foi transversal nestes Encontros, como ocorre coa plantación do bosque dos toneiros, que medra na aldea da Fraga na que se celebraron as primeiras edicións.



Del 23 al 25 de septiembre la madera fue protagonista una vez más en Xermade, gracias al XI Encuentro de Torneros en Galicia, aunque en esta ocasión contó con un homenaje muy particular a esta materia prima elemental en el oficio. Un pino centenario, de origen difuso rodeado de cierto misterio, como debe ser en estos casos, recibió el reconocimiento por llegar a cumplir un siglo de vida. Los torneros venidos de diferentes puntos de la geografía española y del extranjero pudieron comprobar el respeto por la materia prima, un concepto de sostenibilidad que siempre ha sido transversal en estos Encuentros, como ocurre con la plantación del bosque de los torneros, que crece en la aldea de A Fraga en la que se celebraron las primeras ediciones.

**“Paulatinamente se está notando un aumento muy bueno de las piezas y los trabajos”**



E coa celebración deste particular aniversario daba co-  
mezo o intenso programa de actividades que se desen-  
volvieron nestes tres días e que contribúen a dar un pulo  
a este oficio, nas que participaron máis de cen torneiros  
inscritos e onde expuxeron as súas pezas trinta e cinco  
artesáns. Unha magnífica ocasión na que se promove o  
intercambio entre torneiros afeccionados e profesionais,  
tanto galegos como estranxeiros, e que serve como estím-  
ulo e escaparate de divulgación deste oficio con ampla  
tradición en Galicia.

Un dos aspectos que maior relevancia colleu nos últimos  
anos é a formación da man de importantes relatores na-  
cionais e internacionais. Neste caso, foron o galego Ma-  
nuel Castro, o australiano aínda que afincado no Reino  
Unido Phil Irons, ademais do francés Alain Maillard. Para  
o numeroso público que se achegou a Xermade os talleres  
onde explicaban as técnicas quedaron pequenos, xa que  
espertaron moito interese. Como explicou Castro, este en-  
contro é moi acolledor, porque "é unha forma de xuntarse  
como unha familia cando se xunta polas festas do patrón  
a comer, que vén cada un conta as súas experiencias e  
aprende".



Y con la celebración de este particular aniversario daba  
comienzo el intenso programa de actividades que se de-  
sarrollaron en estos tres días y que contribuyen a dar un  
impulso a este oficio, en el que participaron más de cien  
torneros inscritos y donde expusieron sus piezas treinta  
y cinco artesanos. Una magnífica ocasión en la que se  
promueve el intercambio entre torneros aficionados y pro-  
fesionales, tanto gallegos como extranjeros, y que sirve  
como estímulo y escaparate de divulgación de este oficio  
con amplia tradición en Galicia.



Uno de los aspectos que mayor relevancia ha tomado en  
los últimos años es la formación de la mano de importan-  
tes ponentes nacionales e internacionais. En este caso,  
fueron el gallego Manuel Castro, el australiano aunque  
afincado en el Reino Unido Phil Irons, además del francés  
Alain Maillard. Para el numeroso público que se acercó  
a Xermade, los talleres donde explicaban las técnicas se  
quedaron pequeños, ya que despertaron mucho interés.  
Como explicó Castro, este encuentro es muy acogedor,  
porque "es una forma de juntarse como una familia cuan-  
do se junta por las fiestas del patrón a comer, que viene  
cada uno, cuenta sus experiencias y aprende".



De feito, para Alain Maillard, que xa era a terceira vez que acudía a esta cita, “o nivel sube cada ano”, e que lle encanta porque “é un encontro moi simpático, moi latino”. Maillard dedícase principalmente a producir esculturas, non obxectos utilitarios, “é un traballo moi recoñecido en países como Estados Unidos, Alemaña, Xapón, tamén en Francia”. En Xermade explicou o proceso de torneado dunha flor de madeira e tallado dunha árbore, un traballo que é froito da súa propia investigación, coa que foi desenvolvendo ferramentas raspadoras que lle permiten dar as delicadas formas das súas pezas.

Era a primeira vez para o australiano Phil Irons, quen definiu o encontro como “unha grande oportunidade para que diferente xente con diferentes ideas e propostas poida ver como se traballa e compartir ideas”. Sobre a tornería que se puido ver en Xermade, Irons apuntou que “paulatinamente estase a notar un aumento moi bo das pezas e dos traballos”, algo que vincula directamente con este tipo de eventos. “O feito de traer torneiros estranxeiros permite que se poidan ver novas técnicas e o nivel está a aumentar considerablemente. Podes ver fotografías en libros e revistas, pero non é o mesmo que velo en persoa, e iso fai que aumente moito o nivel”. A súa contribución neste encontro foi o traballo con formas ocas e as texturas, principalmente formas orgánicas, así como a decoración de superficies.

A IV Exposición Itinerante de Madeira Torneada, Contornos, finalizou o seu percorrido en Xermade, exhibindo unha selección de máis de sesenta pezas espectaculares nas que o deseño ten un papel moi relevante. Ademais, na tarde do sábado foron seleccionadas as pezas que formarán parte da vindeira edición da mostra, que foron escollidas por parte dos relatores e mais da xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Elena Fabeiro. Por outra banda, tamén houbo tempo para o aspecto comercial, reservando a mañá do domingo ao encontro con decoradores, interioristas, galerías de arte e tendas de artesanía.

**“O feito de traer torneiros estranxeiros permite que se poidan ver novas técnicas e o nivel está a aumentar considerablemente”**





De hecho, para Alain Maillard, que ya era la tercera vez que acudía a esta cita, “el nivel sube cada año”, y le encanta porque “es un encuentro muy simpático, muy latino.” Maillard se dedica principalmente a producir esculturas, no objetos utilitarios, “es un trabajo muy reconocido en países como Estados Unidos, Alemania, Japón, también en Francia.” En Xermade explicó el proceso de torneado de una flor de madera y tallado de un árbol, un trabajo que es fruto de su propia investigación, durante la cual fue desarrollando herramientas raspadoras que le permiten dar las delicadas formas de sus piezas.

Era la primera vez para el australiano Phil Irons, quien definió el encuentro como “una gran oportunidad para que diferente gente con diferentes ideas y propuestas pueda ver cómo se trabaja y compartir ideas”. Sobre la tornería que se pudo ver en Xermade, Irons apuntó que “paulatinamente se está notando un aumento muy bueno de las piezas y los trabajos”, algo que vincula directamente con este tipo de eventos. “El hecho de traer torneros extranjeros permite que se puedan ver nuevas técnicas y el nivel está aumentando considerablemente. Puedes ver fotografías en libros y revistas, pero no es lo mismo que verlo en persona, y eso hace que aumente mucho el nivel”. Su aportación en este encuentro fue el trabajo con formas huecas y las texturas, principalmente formas orgánicas, así como la decoración de superficies.

**“El hecho de traer torneros extranjeros permite que se puedan ver nuevas técnicas y el nivel está aumentando considerablemente”**

La IV Exposición Itinerante de Madera Torneada, Contornos, finalizó su recorrido en Xermade, exhibiendo una selección de más de sesenta piezas espectaculares en las que el diseño tiene un papel muy relevante. Además, en la tarde del sábado fueron seleccionadas las piezas que formarán parte de la próxima edición de la muestra, que fueron escogidas por parte de los ponentes y de la gerente de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Elena Fabeiro. Por otra parte, también hubo tiempo para el aspecto comercial, reservando la mañana del domingo al encuentro con decoradores, interioristas, galerías de artes y tiendas de artesanía.





### **MANUEL CASTRO, UNHA VIDA UNIDA Á MADEIRA**

O dominio da técnica e do torneado fan de Manuel Castro un dos mellores profesionais na actualidade en Galicia. Manexa con verdadeiro virtuosismo as ferramentas tradicionais, como a llerga, obxecto das demostracións que realizou no XI Encontro de Torneiros de Galicia, dando orixe a fermosas pezas, tanto de carácter utilitario coma decorativo. Se ben reconece que hoxe en día o oficio cambiou moito desde que o aprendeu da man de seu pai, pretende transmitirle ese coñecemento ás futuras xeracións de torneiros. "Agora isto vai evolucionando, non sei moi ben cara a onde", reconece, "hoxe en día cambiaron os costumes e as formas, eu simplemente ensino como se traballaba antes coa llerga".

### **MANUEL CASTRO, UNA VIDA UNIDA A LA MADERA**

El dominio de la técnica y del torneado hacen de Manuel Castro uno de los mejores profesionales en la actualidad en Galicia. Maneja con verdadero virtuosismo las herramientas tradicionales, como la llerga, objeto de las demostraciones que realizó en el XI Encuentro de Torneiros de Galicia, dando origen a hermosas piezas, tanto de carácter utilitario como decorativo. Si bien reconoce que hoy en día el oficio ha cambiado mucho desde que lo aprendió de mano de su padre, pretende transmitir ese conocimiento a las futuras generaciones de torneros. "Ahora esto va evolucionando, no sé muy bien hacia dónde", reconoce, "hoy en día han cambiado las costumbres y las formas, yo simplemente enseño cómo se trabajaba antes con la llerga".



A llerga é unha ferramenta rematada nunha peza curvada que serve para lle dar forma á madeira, rebaxándoa ou furándoa, que empregaban tamén os zoqueiros. “Adoitaba habela no campo, normalmente a xente tiña coñecementos de ferreiro, de labrador, de canteiro, de cesteiro..., de moitos oficios, así que a ferramenta facíana eles, usando ferro ou aceiro reciclados de calquera cousa”.

Ao igual que cambiaron as ferramentas, os usos evolucionaron de forma moi rápida. “Antes servía como modo de facer as pezas tradicionais que se usaban sobre todo no campo, non había outros medios, e usaban a madeira para facer nateiras, formas para o queixo, para o pan, as culleres”, xa que a madeira era un material de moi fácil acceso. Hoxe, reconece que ten un compoñente “folclórico”, xa que esa función máis utilitaria se convertiu en decorativa. De feito, o futuro da tornería vincúlao directamente co deseño, coa creación de obxectos ornamentais que resulten atractivos, aínda que el procura conservar o patrimonio e a cultura da tornería tradicional.

“Basicamente, busco transmitir o que me deixou de heranza meu pai, os coñecementos de torneiro profesional que era, transmitir esa forma de traballar que tiñan”. E aí entra tamén non só a manipulación das ferramentas, senón coñecer os procesos que lle afectan á madeira, a época para cortala, a influencia das fases da lúa no seu corte, a forma de curar a madeira, etc.

Manuel Castro transmite nas súas palabras paixón e respecto pola tornería, un oficio que adaptou aos cambios da demanda, combinando a tornería tradicional con procesos de carácter industrial no traballo da madeira para a realización doutro tipo de construcións, como mobiliario ou escaleiras. “A xente que fai tornería faino porque lle gusta”, por iso cada peza é especial e aínda que pasen os anos mantén un cariño por eses traballos. Ensinando un vaso torneado por el, explica: “isto fíxeno eu hai corenta anos e regaleillo á miña moza, casei con ela para recuperalo”, sorrí.

La llerga es una herramienta terminada en una pieza curvada que sirve para dar forma a la madera, rebajándola o agujereándola, que empleaban también los zoqueros. “Solía haberla en el campo, normalmente la gente tenía conocimientos de herrero, labrador, cantero, cesterero..., de muchos oficios, así que la herramienta la hacían ellos, usando hierro o acero reciclados de cualquier cosa.

Al igual que cambiaron las herramientas, los usos han evolucionado de forma muy rápida. “Antes servía como modo de hacer las piezas tradicionales que se usaban sobre todo en el campo, no había otros medios, y usaban la madera para hacer nateras, moldes para queso, pan, las cucharas”, ya que la madera era un material de muy fácil acceso. Hoy, reconoce que tiene un componente “folclórico”, ya que esa función más utilitaria se ha convertido en decorativa. De hecho, el futuro de la tornería lo vincula directamente con el diseño, con la creación de objetos ornamentales que resulten atractivos, aunque él intenta conservar el patrimonio y la cultura de la tornería tradicional.

“Básicamente, busco transmitir lo que me dejó de herencia mi padre, los conocimientos de torneiro profesional que él era, transmitir esa forma de trabajar que tenían”. Y ahí entra también no solo la manipulación de las herramientas, sino conocer los procesos que le afectan a la madera, la época para cortarla, la influencia de las fases de la luna en su corte, la forma de curar la madera, etc.

Manuel Castro transmite en sus palabras pasión y respeto por la tornería, un oficio que adaptó a los cambios de la demanda, combinando la tornería tradicional con procesos de carácter industrial en el trabajo de la madera para la realización de otro tipo de construcciones, como mobiliario o escaleras. “La gente que hace tornería lo hace porque le gusta”, por eso cada pieza es especial y aunque pasen los años mantiene un cariño por esos trabajos. Enseñando un vaso torneado por él, explica: “esto lo hice yo hace cuarenta años y se lo regalé a mi novia, me casé con ella para recuperarlo”, sorrí.

# ARTESANIA E MODA

## ARTESANIA Y MODA

### Enrique Loewe

Presidente Fundación Loewe

Enrique Loewe Lynch (Madrid, 1941) é o presidente da Fundación Loewe e representa a cuarta xeración da familia á fronte da coñecida marca. Graduado en Ciencias Económicas, entrou en Loewe en 1965, onde desempeñou os cargos de director de produto, director xeral e presidente da compañía. Na actualidade é Asociado de Honra da Asociación de Creadores de Moda de España, membro do Comité Científico do Instituto Europeo di Design e do Consello Asesor do ISEM (Fashion Management School), entre outros. En outubro participou na I edición de ArtinGroup (Valencia), onde impartiu unha conferencia co título "Artesanía, deseño e luxo", un tema que xa ten abordado noutras intervencións como as celebradas a finais de ano na Universidade Francisco de Vitoria e na Universidade de Navarra.

Enrique Loewe Lynch (Madrid, 1941) es el presidente de la Fundación Loewe y representa la cuarta generación de la familia al frente de la conocida marca. Graduado en Ciencias Económicas, entró en Loewe en 1965, donde desempeñó los cargos de director de producto, director general y presidente de la compañía. En la actualidad es Asociado de Honor de la Asociación de Creadores de Moda de España, miembro del Comité Científico del Instituto Europeo di Design y del Consejo Asesor del ISEM (Fashion Management School), entre otros. En octubre participó en la I edición de ArtinGroup (Valencia), donde impartió una conferencia con el título "Artesanía, diseño y lujo", un tema que ya ha abordado en otras intervenciones como las celebradas a finales de año en la Universidad Francisco de Vitoria y en la Universidad de Navarra.



Mientras vemos tambalearse ao noso redor o sistema de valores e de paradigmas cos que ata o de agora vivimos, suponse que ante este terremoto debemos pensar e sobre todo reaccionar. É unha vocación da miña vida a preocupación e a reflexión sobre a importancia da artesanía no mundo actual. Está claro que nos séculos XIV, XV e XVI tivo unha enorme importancia e estivo relacionada coa vida cotiá, coas artes, coas industrias... e contribuíu a encher ese espazo que había entre a artesanía e a arte.

Unha boa parte da nosa cultura actual ten que ver con eses esforzos por parte do home para facer obxectos compañeiros, para facer unha contribución á vida e aos costumes da época.

Hoxe en día revelándonos contra a vulgaridade ambiente, contra o caos existente, contra que a artesanía se converta en nutricio para as tendas de recordos e os centros turísticos... queremos buscar o significado, o legado, a grande achega que a artesanía lle poida facer ao mundo actual nestes momentos de crise.

Preguntámonos sobre a crise do luxo, sobre as novas ideas, sobre o novo luxo e creo que é fundamental que nesta situación volvamos a nosa mirada curiosa, intelixente e compañeira, cara ao mundo da artesanía.

A artesanía significa raíces, historia, cultura, cores... naturalmente obxectos para a vida cotiá. Como podemos *cotianizar* este inmenso patrimonio de experiencias e de cultura? Como podemos traer ao presente este pasado tan latente, tan auténtico do que foi a historia de Europa nos últimos séculos? Como podemos conseguir que a artesanía nos ilumine neste momento de gran perplexidade?

Ben, eu non teño todas as respostas, aínda que si intúo algún dos camiños. Creo que a artesanía fecundada polo deseño e nestas etapas que estamos a vivir do século XXI non teñen a *RESPUESTA*, pero si algunhas respostas.

Temos que reflexionar sobre iso que chamamos innovación, que dalgún xeito é estar vivos. Temos que reflexionar sobre as técnicas, sobre as raíces, sobre os lazos de unión que nos acompañan ao longo da historia.

Temos que ser capaces de construír un universo que baseado no noso pasado, alumee o futuro. Isto ten que facerse con plena liberdade, con imaxinación, con enerxía e utilizando o tempo como unha vara máxica que nos axuda a coñecernos mellor a nós mesmos.

Polo tanto, as relacións entre a artesanía e a moda, o produto artesán como peza de luxo e a aplicación e as posibilidades da artesanía dentro da industria, creo que son materias fundamentais que temos que considerar ante a problemática actual. Non teño solucións, pero teño unha apaixonada inquietude para atopar as respostas.

Mientras vemos tambalearse alrededor nuestro el sistema de valores y paradigmas con los que hasta ahora hemos vivido, se supone que ante este terremoto debemos pensar y sobre todo reaccionar. Es una vocación de mi vida la preocupación y la reflexión sobre la importancia de la artesanía en el mundo actual. Está claro que en los siglos XIV, XV y XVI, tuvo una enorme importancia y estuvo relacionada con la vida cotidiana, con las artes, con las industrias... y contribuyó a rellenar ese espacio que había entre la artesanía y el arte.

Una gran parte de nuestra cultura actual tiene que ver con esos esfuerzos por parte del hombre para hacer objetos compañeros, para hacer una contribución a la vida y a las costumbres de la época.

Hoy en día revelándonos contra la vulgaridad ambiente, contra el caos existente, contra que la artesanía se convierta en nutricio para las tiendas de souvenir y los centros turísticos... queremos buscar el significado, el legado, la gran aportación que la artesanía pueda hacer al mundo actual en estos momentos de crisis.

Nos preguntamos sobre la crisis del lujo, sobre las nuevas ideas, sobre el nuevo lujo y creo que es fundamental que en esta situación volvamos nuestra mirada curiosa, inteligente y compañera, hacia el mundo de la artesanía.

La artesanía significa raíces, historia, cultura, colores... naturalmente objetos para la vida cotidiana. ¿Cómo podemos cotidianizar este inmenso patrimonio de experiencias y de cultura? ¿Cómo podemos traer al presente este pasado tan latente, tan auténtico de lo que ha sido la historia de Europa en los últimos siglos? ¿Cómo podemos conseguir que la artesanía nos ilumine en este momento de gran perplejidad?

Bueno, yo no tengo todas las respuestas, pero sí intuyo alguno de los caminos. Creo que la artesanía fecundada por el diseño y en estas etapas que estamos viviendo del siglo XXI no tienen la *RESPUESTA*, pero sí algunas respuestas.

Hemos de reflexionar sobre eso que llamamos innovación, que de alguna forma es estar vivos. Hemos de reflexionar sobre las técnicas, sobre las raíces, sobre los lazos de unión que nos acompañan a lo largo de la historia.

Hemos de ser capaces de construir un universo que basado en nuestro pasado, ilumine el futuro. Esto ha de hacerse con plena libertad, con imaginación, con energía y utilizado el tiempo como una varita mágica que nos ayuda a conocernos mejor a nosotros mismos.

Por lo tanto, las relaciones entre la artesanía y la moda, el producto artesano como pieza de lujo y la aplicación y posibilidades de la artesanía dentro de la industria, creo que son asignaturas fundamentales que nos hemos de plantear ante la problemática actual. No tengo soluciones, pero tengo una apasionada inquietud para encontrar las respuestas.



*D-due*



LAB



## D-DUE LAB, EVOLUCIONANDO A ARTESANÍA

### D-DUE LAB, EVOLUCIONANDO LA ARTESANÍA

D-due entrou con paso firme e seguro no mundo da moda, desde que en 2004 os deseñadores Charo Froján e Alfredo Olmedo fundaron esta firma con sede en Rianxo e con coleccións repartidas polo mundo enteiro. Agora iniciaron un novo proxecto que conta co apoio da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño e que se presentou baixo o nome de D-due Lab. Nel integran nas súas coleccións produtos artesanais tradicionais “evolucionados”, levándoos ás tendencias actuais do mercado, como se puido comprobar na presentación da súa colección primavera-verán 2012 na feira berlinesa Bread&Butter. Falamos con dous responsables deste proxecto, Alfredo Olmedo e José Froján, que contaron coa colaboración de artesáns galegos de diferentes sectores e estilos.

D-due ha entrado con paso firme y seguro en el mundo de la moda, desde que en 2004 los diseñadores Charo Froján y Alfredo Olmedo fundaron esta firma con sede en Rianxo y colecciones repartidas por el mundo entero. Ahora han iniciado un nuevo proyecto que cuenta con el apoyo de la Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño y que se ha presentado bajo el nombre de D-due Lab. En él integran en sus colecciones productos artesanos tradicionales “evolucionados”, llevándolos a las tendencias actuales del mercado, como se ha podido comprobar en la presentación de su colección primavera-verano 2012 en la feria berlinesa Bread&Butter. Hablamos con dos responsables de este proyecto, Alfredo y José Froján, quienes han contado con la colaboración de artesanos gallegos de diferentes sectores y estilos.

¿Como nace a idea de D-due Lab, e en concreto este proxecto de colaboración con artesáns galegos?

**Alfredo Olmedo:** En principio nace como unha acción puntual e en función da acollida e dos resultados pretenderase o darlle continuidade. É difícil, porque non sabes a acollida, o nivel de vendas de público que vas ter ata que o probas, o levas e o procesas. Nace por manexar as posibilidades de determinados artesáns en secuencias de deseño que nós podemos propoñer. Non é simplemente porque sexa un tema de colleita propia, senón que vimos que había máis modelos de traballo que permitían achegarnos a esa plataforma, propuxémosllo á persoa que coordinou todo isto, Elena Fabeiro, a xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que nos animou a involucrar aos artesáns galegos. De entre eles escollemos os que se achegaban máis ao que estaba dentro da colección para esa tempada, que era a liña náutica e a de México e achegámonos un pouco ao que eles de maneira inmediata nos podían subministrar, que eran elementos cos que xa adoitaban traballar: as xerras, as cuncas, os boles..., e acomodámoslos á linguaxe. A idea é que se realmente ten boa acollida reiteremos nela outra vez para a vindeira tempada.

**“D-due Lab vén de laboratorio, de experimentar, vaise traducir en moitos casos en produtos que saian ao mercado, pero vai haber outros moitos que van quedar aí, en experimentos”**

¿É un proxecto xa pechado ou pensades incorporar máis artesáns?

**José Froján:** Eu creo que en función do tema que se trate en cada colección, veremos tamén os artesáns. É certo que para este punto de partida máis pechado escolleuse unha serie de artesáns pero é algo que vai variar en cada tempada. Algo que nós no téxtil xa traballamos con carpinteiros, con talleres metálicos, unha sorte de xente coa que colaboramos para a colección téxtil, e cos artesáns vai ser da mesma maneira, en función do proxecto que se aborde en cada campaña, a relación con eles variará en cada tempada. Tamén había un interese en facer unha pequena canteira de artesáns, que afonden na relación e que poida ser máis intensa en función do proxecto. A linguaxe que temos nós e a que ten cada artesán é diferente. D-due Lab vén de laboratorio, de experimentar, vaise traducir en moitos casos en produtos que saian ao mercado, pero vai haber outros

